



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA O DIA 7/10/2021, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENTE

MARCOTE, SUAREZ, José (PSOE)

CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)
MARIÑO LOPEZ, María. Rocío (PSOE)
DOMINGUEZ LADO, Alexandre (PSOE)

SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)

TRABA FERNANDEZ, José Manuel (PP)
INSUA ESMORIS-RECAMAN, Santiago (PP)
BENLLOCH RIVAS, Daniel Juan (PP)
SUAREZ SILVA, Jenifer (PP)

SECRETARIO-ACIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

NON ASISTEN

CON EXCUSA

CONCELLEIROS

CASTREGUE FERNANDEZ, Leonor (PP)
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 7/10/2021, reúnense no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación.

Comprobado pola Secretaria – Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración do acto segundo as disposicións vixente, o Sr. Alcalde – Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

ORDE DO DÍA

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

2º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INCREMENTO DO IMPORTE CONSIGNADO NA PARTIDA ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Á PRODUTIVIDADE.

3º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 12/2021, NA MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CREDITOS ENTRE APLICACIÓNS DE DISTINTA AREA DE GASTO.

4º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO DE 2020.

5º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLO USO DE AUDIOGUIAS PARA

PASEOS AUTOGUIADOS POR FISTERRA.

6º) PROPOSTA DA ALCALDIA PARA QUE DETERMINADOS ESPAZOS PORTUARIOS, PASEN A SER MUNICIPAIS.

7º) RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO NOMEAMENTO COMO PERSOA IDONEA PARA O DESEMPEÑO DA SECRETARIA DO XULGADO DE PAZ A FAVOR DO FUNCIONARIO DESTA CORPORACIÓN, JUAN CARLOS CARRIL PEREZ.

8º) PROPOSTA PARA DETERMINAR OS DIAS CON CARÁCTER DE FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2022.

9º) PROPOSTA DE ACORDO PLENARIO PARA UNHA MORATORIA SOBRE A MINARIA SUBMARINA.

10º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA.

11º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Corporación, quere formular algunha observación, ao contido da acta do Pleno da Corporación de 5/08/2021, distribuída coa convocatoria

Non facendo uso da palabra ningún concelleiro, o Sr. Alcalde-presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación de 5/08/2021, sendo aprobada por cinco (5) votos a favor (4 PSOE e 1 BNG) e catro (4) abstencións do grupo Popular.

2º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INCREMENTO DO IMPORTE CONSIGNADO NA PARTIDA ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Á PRODUTIVIDADE.

Tendo en conta que do artigo 5 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de administración local, desprendese que lle corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos empregados públicos, e ao Alcalde-Presidente da Corporación a distribución da devandita contía entre os diferentes programas ou áreas e a súa asignación individual.

Considerando que desde o día 4/05/2021, o posto de secretaría intervención está vacante nesta corporación e esta situación incrementa a carga de traballo que soportan certos empregados públicos, para que esta vacante non repercuta negativamente nos servizos que presta este concello.

Considerando que na Táboa que de seguido se indica, móstranse os emolumentos que corresponden ao posto de secretaría – intervención que están orzamentados e non se consumen:

		EMOLUMENTOS NON CONSUMIDOS		
SECRETARIA	MENSUAL	SETEMBRO	OUTUBRO	TOTAL
SOLDO	1.214,39 €	1.214,39 €	1.214,39 €	2.428,78 €
ANTIG	233,70	233,70 €	233,70 €	467,40 €
C.D.	951,46	383,19 €	383,19 €	766,38 €
C.E.	1.912,05 €	552,38 €	552,38 €	1.104,76 €
TOTAL	4.311,60 €	2.383,66 €	2.383,66 €	4.767,32 €

Tráese ao Pleno da corporación a proposta de incrementar a partida orzamentaria 920/150.00 de produtividade na contía de 3.000,07 € (un 62,93%), e a partida orzamentaria 920/226.04 de Servizos de Asistencia Xurídica na contía de 1.767,25 € (un 37,07%), que se corresponden cos emolumentos non consumidos durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2021 do posto de secretaría – intervención.

O Pleno da Corporación por cinco (5) votos a favor, (4 PSOE e 1 BNG), e catro (4) abstencións do grupo Popular, adopta o seguinte acordo:

1º) Incrementar a partida orzamentaria 920/150.00 de produtividade na contía de **tres mil euros e sete céntimos** (3.000,07 €), coa correspondente transferencia de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto ou que afecten baixas e altas de créditos de persoal.

Esta modificación de crédito vaise financiar con cargo aos emolumentos do posto de secretaría – intervención non consumidos durante os meses de setembro e outubro de 2021.

2º) Incrementar a partida orzamentaria 920/226.04 de Servizos de Asistencia Xurídica na contía de **mil setecentos sesenta e sete euros e vinte e cinco céntimos** (1.767,25 €), coa correspondente transferencia de crédito entre aplicacións de distinta área de gasto.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Esta modificación de crédito vaise financiar con cargo aos emolumentos do posto de secretaría – intervención non consumidos durante os meses de setembro e outubro de 2021.

3º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 12/2021, NA MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CREDITOS ENTRE APLICACIÓNS DE DISTINTA AREA DE GASTO.

Mediante Providencia da alcaldía de data 7/10/2021, e coa finalidade de aportar á continuación da prestación do servizo de asistencia xurídica, iniciouse este expediente de modificación de créditos baixo a modalidade de transferencia de créditos entre distintos grupos de función.

Na mesma data achégase memoria do Sr. Alcalde-Presidente na que se especifica a modalidade da modificación de crédito, a financiación da operación e a súa xustificación.

Con data 7/10/2021 emítase informe pola secretaría accidental sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Con data 7/10/2021, emítase informe pola intervención accidental polo que se informa favorablemente a proposta da alcaldía.

De conformidade co establecido no artigo 179.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **o Pleno da Corporación por cinco (5) votos a favor, (4 PSOE e 1 BNG) e catro (4) abstencións do grupo Popular, adopta o seguinte acordo:**

1º) Aprobar o expediente de modificación de créditos número 12/2021, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto, por importe de **mil setecentos sesenta e sete euros e vinte e cinco céntimos (1.767,25 €)**, co seguinte detalle:

Altas en Aplicacións de Gastos

APLICACION		DESCRICIÓN	CREDITOS INICIAIS	TRANSF. CREDITO	CREDITOS FINAIS
PROGR	ECON				
920	120.01	Soldo	14.569,66 €	-900,35 €	13.699,81 €
920	120.06	Antigüidade	8.526,56 €	-173,27 €	8.353,29 €
920	121.00	Complemento Destino	19.677,52 €	-284,10 €	19.393,42 €
920	121.01	Complemento Especifico	37.226,26 €	-409,53 €	36.816,73 €
920	226.04	Servicios Asistencia Xurídica	20.000,00 €	1.767,25 €	21.767,25 €
		TOTAL	100.000,00 €	0,00 €	100.000,00 €

2º) Expoñer este expediente ao público mediante anuncio no taboleiro de anuncios da casa do concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince (15) días, durante ese prazo, os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se houberan presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo de un mes para resolvelas.

4º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2020.

Vista a Conta Xeral do exercicio 2020, xunto con toda a súa documentación anexa, segundo a lexislación vixente.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Visto que o Secretario - Interventor Accidental procedeu á formación da Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio económico 2020, xuntamente con toda a súa documentación anexa.

Visto que se remataron os traballos e obtida a documentación correspondente, a Intervención municipal emitiu informe con data 16/08/2021.

Visto o ditame previo favorable emitido pola Comisión Especial de Contas na sesión de 19/08/2021, que ordenou a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de quince días, a fin de que durante ese prezo e oito días máis, aqueles que se consideren interesados poidan presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións que consideren convintes.

Tendo en conta que mediante anuncio no BOP número 161 de 25/08/2021, foi obxecto de exposición pública a Conta Xeral do exercicio 2020.

Considerando, que durante o prazo de exposición pública establecido presentáronse no Rexistro de Documentos do Concello de Fisterra, as reclamacións, reparos e observacións á Conta Xeral, por parte das persoas que de seguido se indican:

"2021/999/00000578 (Rexistro de Entrada Telemático de 23/09/2021)
José Ramón Lema Fuentes

Considerando, que o contido da alegación formulada está constituída polas seguintes consideracións:

- Considera incompleta a documentación de acceso ao público relativa á Conta Xeral do Orzamento 2020.
- Considera incompleta a documentación da liquidación do orzamento ordinario de 2020."

Visto o ditame final favorable emitido pola Comisión Especial de Contas na sesión que celebrou o pasado 30/09/2021, e os documentos que a xustifican que constan no expediente, o Pleno da Corporación, por cinco (5) votos a favor (4 PSOE e 1 BNG) e catro (4) abstencións do grupo Popular, acorda:

1º) Aprobar a Conta Xeral do Orzamento referido ao exercicio de 2020, presentada segundo dispoñe a Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, e que consta dos seguintes documentos:

- Balance
- Conta do Resultado económico – patrimonial
- Estado de cambios no patrimonio neto
- Estado de fluxos de efectivo
- Estado de liquidación do orzamento
- Memoria

Así mesmo, tal e como se expoñe no informe emitido a tal efecto, a liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2020, ofrece o seguinte resultado:

ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

Dereitos Recoñecidos Netos	2.540.585,94 €
Obrigas Recoñecidas Netas	3.390.870,09 €
Resultado Orzamentario	-850.284,15 €
Desviacións positivas de financiamento	12.262,86 €
Desviacións negativas de financiamento	23.787,14 €



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Gastos financiados con remanente de tesourería para gastos xerais	3.644,48 €
Total Axustes	15.168,76 €
Resultado Orzamentario Axustado	-835.115,39 €

ESTADO DEMOSTRATIVO DE ORZAMENTOS PECHADOS

A 31 de decembro de 2020, de orzamentos pechados, queda un total de:

- Cincocentos tres mil catrocentos noventa e oito euros e seis céntimos (503.498,06 €) en concepto de obrigas pendentes de ordenar.
- Un millón trescentos vinte e catro mil cincocentos noventa e nove euros e trinta e cinco céntimos (1.324.599,35 €) en concepto de dereitos pendentes de cobro.

ESTADO DOS COMPROMISOS DE GASTO CON CARGO A EJERCICIOS FUTUROS

Non existen compromisos de gasto adquiridos con cargo a exercicios futuros.

ESTADO DE TESOURERIA

Da acta de arqueo desprendese que:

- As existencias anteriores ao período de 2020, acadaban a contía de un millón trescentos trinta mil oitocentos dezaoto euros e setenta e sete céntimos (1.330.818,77 €)
- Os ingresos do exercicio de 2020, tanto orzamentarios como non orzamentarios importan a contía de catro millóns novecentos trinta e seis mil novecentos setenta e seis euros e vinte e sete céntimos (4.936.976,27 €).
- Os pagos do exercicio de 2020, tanto por operacións orzamentarias como non orzamentarias importan a contía de catro millóns setecentos sesenta e cinco mil cincuenta e tres euros e trinta e cinco céntimos (4.765.053,35 €).
- A situación de existencias de tesourería a final do período de 2020, ascende á cantidade de un millón cincocentos dous mil setecentos corenta e un euros e sesenta e nove céntimos (1.502.741,69 €).

ESTADO DE DÉBEDA PÚBLICA

Reflexa as operacións de creación, amortización, pago, extinción, conversión e canxe de capitais, así como as de recoñecemento, pago, extinción dos intereses devengados. Polo que non existe ningunha nesta Corporación.

2º) Rexeitar as reclamacións, reparos e observacións presentadas, en base a que o expediente da Conta Xeral axústase na súa elaboración e aprobación aos trámites legais. Notificar este acordo ao interesado.

3º) Remitir a Conta Xeral aprobada, xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e ao órgano autonómico que corresponda, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

5º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLO USO DE AUDIOGUIAS PARA PASEOS AUTOGUIADOS POR FISTERRA.

Dada conta da proposta de ordenanza reguladora da taxa polo uso de audioguías para paseos autoguiados por Fisterra, co contido que de seguido se indica:

“ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLO USO DE AUDIOGUIAS PARA PASEOS AUTOGUIADOS POR FISTERRA.

Artigo 1º) Ao amparo do previsto nos artigo 58 e 20.4.w) da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 deste texto legal, este concello establece a taxa polo uso de audioguías para realizar paseo autoguiados polo casco de Fisterra, coñecendo diferentes enclaves do mesmo, que é especificado nas tarifas reguladas no artigo 3º seguinte, que se rexerá pola seguinte ordenanza.

Artigo 2º) Están obrigados ao aboamento da taxa regulada nesta ordenanza quen se beneficie dos servizos ou actividades prestados ou realizados polo concello, a que se refire o artigo anterior.

Artigo 3º) A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada na tarifa seguinte:

1 - Alugueiro de audioguías para paseos autoguiados polo casco de Fisterra.

- a) Prezo do servizo por persoa: 2 €.
- b) Prezo do servizo para grupos de máis de 5 persoas: 1 €/persoa
- c) Descontos: Parados que o acrediten coa tarxeta do INEM: 1 €
- d) Prezo para hostalería local: 1 € (copago co establecemento)
- e) Residentes no concello de Fisterra: 1 €

(Aqueles que tiveran ao mesmo tempo a condición de parados e residentes só se poderán acoller a un dos descontos estipulados).

Artigo 4º) A obriga de aboamento da taxa regulada nesta ordenanza comeza no intre no que o usuario solicita o goce dos servizos ou actividades especificados no artigo anterior. O aboamento efectuarase cando a Oficina Municipal de Turismo facilite a audioguía á persoa que o solicita.

Artigo 5º) No uso da audioguía os solicitantes deberán de presentar o seu DNI na Oficina Municipal de Turismo e asinar un documento facilitado polo Concello de Fisterra, no que figuren os datos persoais e o compromiso de bo uso da audioguía que reciben durante o tempo que dure o seu uso. O usuario comprometerase a coidar o aparello e a entregalo en bo estado, tal e como o recibiu da Oficina Municipal de Turismo.

Artigo 6º) Duración do servizo e penalización: O tempo máximo de duración deste servizo será de dúas horas e media (2,5 horas). As persoas que utilicen as audioguías deberán entregar estas no mesmo lugar onde a recolleron antes de que se cumpra o tempo.

No caso de que alguén se esquecese ou entregase unha audioguía fóra de tempo aboará unha taxa de 0,50 € por cada tramo de 15 minutos que pase do tempo dende que empezou a facer uso do servizo. No caso de que a audioguía sufrira un mal uso ou estragos derivados pola mala



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

utilización do aparello por parte da persoa usuaria, esta persoa deberá de aboar as seguintes cantidades en función da gravidade da avaria:

- Alteración e estrago dos mecanismos técnicos do aparello que non lle permita funcionar plenamente: 100 €

- Rotura e alteración das funcións do aparello ou do seu mecanismo que o deixe inservible: 300 €

Disposición Final

Esta Ordenanza Fiscal, aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación na sesión realizada o día 7/10/2021, e que quedou definitivamente aprobada, rexerá a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa”.

Seguidamente, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes (4 PSOE, 1 BNG e 4 PP), acorda:

1º) Aprobado inicialmente a Ordenanza Reguladora da taxa polo uso de audioguías para paseos autoguiados por Fisterra.

2º) Someter este expediente a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta (30) días hábiles, para a presentación de reclamacións e suxerencias, prazo que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincial. Deberá publicarse, así mesmo, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

3º) Simultaneamente, publicarase este acordo no portal web do concello (dirección: https://concellofisterra.gal/portal_cidadan/ordenanzas_municipais/gl) co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais podan facerse por outras persoas ou entidades.

4º) Concluído o período de información pública, as reclamacións e/ou suxerencias presentadas, deberán resolverse por acordo do Pleno da Corporación.

5º) No suposto de non se presentaren reclamacións ou suxerencias, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

6º) Para a entrada en vigor do acordo de aprobación definitiva (expresa ou tácita) da Ordenanza, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia o texto integro definitivo da ordenanza, e entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste concello (https://concellofisterra.gal/portal_cidadan/ordenanzas_municipais/gl).

6º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA QUE DETERMINADOS ESPAZOS PORTUARIOS, PASEN A SER MUNICIPAIS.

Dada conta da proposta da Alcaldía para solicitar a Portos de Galicia que se inicien os trámites que leven a que determinados espazos portuarios, pasen a ser municipais, co contido que de seguido se indica:

“PROPOSTA AO PLENO PARA SOLICITAR A PORTOS DE GALICIA QUE SE INICIEN OS TRAMITES QUE LEVEN A QUE DETERMINADOS ESPAZOS PORTUARIOS, PASEN A SER MUNICIPAIS.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

EXPOSICION DE MOTIVOS

1) A morfoloxía específica do noso territorio, fai que a maioría da zona portuaria de Fisterra estea totalmente integrada no casco urbano da vila.

Isto é tanto desde o punto de vista físico, como dos hábitos e costumes da poboación nativa, pero tamén dos milleiros de turistas e peregrinos que nos visitan cada ano.

A denominada zona portuaria é, con moita diferenza, a mais transitada pola xente de a pé, e tamén ten un tráfico rodado importante. O tránsito de persoas e vehículos, non relacionados coa actividade portuaria, supera con moito ao achacable a dita actividade.

Desde o punto de vista da mobilidade, se se fixera caso estrito á prohibición do acceso a toda persoa ou vehículo alleo á actividade portuaria, crearíamos un auténtico colapso circulatorio.

O vial que recorre o porto lonxitudinalmente, xunto coa rúa alcalde Fernández, rúa Federico Avila e a rúa Lago Pais, forman un anel circulatorio que delimita gran parte do casco vello de Fisterra.

Por outra banda, usamos constantemente espazos catalogados como portuarios, para a celebración das nosas festas tradicionais, espectáculos ao aire libre, eventos deportivos organizados polo Concello, o noso mercado tradicional, etc.

É responsabilidade das diferentes administracións fomentar a práctica do deporte e outras actividades físicas saudables entre os nosos veciños, así como conservar as nosas tradicións, polo que non é entendible que as administracións locais teñan que pagar taxas pola ocupación de espazos públicos con estes fins.

A entrada ao Centro de Saúde, á casa do Concello e á oficina do ISM, faise principalmente pola zona portuaria, onde aparcan os seus coches os médicos e doentes, traballadores municipais e veciños que se acercan a facer xestións, os traballadores do ISM e os seus administrados.

Ata temos unha lonxa turística visitable, para que os turistas e peregrinos poidan asistir á subasta, pero para iso teñen que cruzar a zona portuaria.

2) Toda a zona entre o vial que recorre lonxitudinalmente o porto e o casco vello da vila, está vencellada a Portos de Galicia. Toda esa área non ten, nin terá, actividade portuaria, xa que é unha zona adicada, case totalmente, ao ocio. Ese espazo está formado por unha gran praza cos seus bancos e árbores, rodeada polas terrazas dos moitos restaurantes, bares e cafeterías que rodean a praza e seguen paralelamente ao vial lonxitudinal do porto. Polo outro lado, hai un espazo axardinado que está totalmente descoidado que serve de aparcamento ao Centro de Saúde, á Casa do Concello e ao ISM.

Debería ser o Concello quen se encargase da xestión deses espazos, posto que é a todas luces, un espazo urbano e non portuario. Tácitamente Portos de Galicia recoñece esa realidade, cando o deseño e construción deses espazos faino con prazas, xardíns, terrazas e paseos peonís.

Por todo o anteriormente exposto SOLICITAMOS.

1. Que se inicien os trámites correspondentes, que leven a que os espazos sinalados en gris nos planos que se achegan pasen a ser municipais. Achéganse planos e reportaxe fotográfica."



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Seguidamente, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistente (4 PSOE, 1 BNG e 4 PP), acorda:

1º) Aprobar a proposta da alcaldía e dirixirse a Portos de Galicia, para que inicie os trámites correspondentes para que os espazos sinalados pasen a ser municipais.

2º) Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para que asine todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.

7º) RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO NOMEAMENTO COMO PERSOA IDÓNEA PARA O DESEMPEÑO DA SECRETARÍA DO XULGADO DE PAZ A FAVOR DO FUNCIONARIO DESTA CORPORACION, JUAN CARLOS CARRIL PÉREZ.

Mediante escrito presentado co número 2021/000/00000641 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos de 7/04/2021, Luís Olveira Baamonde, Xuíz de Paz de Fisterra, comunica que "debido a enfermidade que padece Juan José Martínez Rull e que o mantén incapacitado para o desempeño do posto de secretario do Xulgado de Paz, faise necesario que esa Alcaldía nomee a outra persoa para desempeñar as funcións de Secretario do Xulgado de Paz.

Á vista da comunicación anterior o Sr. Alcalde-Presidente mediante resolución de 7/04/2021 resolve nomear como persoa idónea para o desempeño da secretaría do Xulgado de Paz ao funcionario desta corporación, Juan Carlos Carril Pérez, que ocupa a praza de Auxiliar de Administración Xeral, do subgrupo C2.

Este acordo foi notificado á Dirección Xeral de Xustiza pertencente á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a súa aprobación.

A Xefa Territorial da CPAPX de A Coruña, María Barreiro Lazare, mediante acordo de data 4/05/2021 aproba o nomeamento de Secretario de Xulgado de Paz de poboación inferior a 7.000 habitantes, a favor de Juan Carlos Carril Pérez, con NIF: 32787413Q para o Xulgado de Paz de Fisterra, desde o 7/04/2021.

Transcorrido un tempo prudencial e despois de poñer ao día os asuntos do Xulgado de Paz, retrasados polos motivos antes indicados, dáse conta ao Pleno da Corporación, coa finalidade de que ratifique o nomeamento antes indicado.

Seguidamente, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes (4 PSOE, 1 BNG e 4 PP), acorda:

1º) Ratificar o nomeamento de Juan Carlos Carril Pérez, funcionario desta corporación que ocupa a praza de Auxiliar de Administración Xeral, do subgrupo C2, como persoa idónea para o desempeño da secretaría do Xulgado de Paz.

2º) Notificar este acordo ao Servizo de Xustiza dependente da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia, para o seu coñecemento e demais efectos que tivera lugar.

8º) PROPOSTA PARA DETERMINAR OS DIAS CON CARÁCTER DE FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2022.

Despois dunha serie de discusións sobre o asunto en cuestión, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes, (4 PSOE, 1 BNG e 4 PP), acorda:

1º) Declarar festivos locais para o ano 2022 os seguintes días:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Luns, 18/04/2022
Xoves, 08/09/2022

2º) Notificar este acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, para o seu coñecemento e demais efectos que tivera lugar.

9º) PROPOSTA DE ACORDO PLENARIO PARA UNHA MORATORIA SOBRE A MINARIA SUBMARINA.

Co número 2021/999/00000519 do Rexistro de Entrada Telemático do Concello de Fisterra, de 1/09/2021, Cristóbal López Pazo, en nome e representación de ECOLOXISTAS EN ACCIÓN CORUÑA, solicita que se promova, apoie e adopte a proposta de acordo plenario para unha moratoria sobre a minaría submarina, co contido que de seguido se indica:

“PROPOSTA DE ACORDO PLENARIO PARA UNHA MORATORIA SOBRE A MINARIA SUBMARINA.

Exposición de motivos

A minería submarina converteuse nunha das principais ameazas á integridade dos fondos mariños, un ambiente moi pouco coñecido e estudado. Trátase dunha actividade con enormes impactos potenciais, desde os efectos tóxicos das plumas de sedimentos e metais pesados en toda a cadea trófica ata a liberación de gases de efecto invernadoiro secuestrados nos fondos oceánicos, pasando pola destrución irreversible da biodiversidade mariña.

A frota pesqueira galega sería unha das máis expostas á afección dos recursos pesqueiros, xa que os efectos da minería submarina poderían afectar o 15% das súas capturas de túnidos no Océano Pacífico e o 10% das capturas de barcos galegos na dorsal do Atlántico. Ademais, o crecente interese por potenciais depósitos minerais en augas do Estado español (incluído o chamado “Banco de Galicia” fronte ás costas galegas, que x sufriu o afundimento do Prestige) poría en risco os principais caladoiros de proximidade.

A destrución ou extinción de especies, provocadas pola minería submarina, podería impedir ademais o descubrimento de novos medicamentos asociados a formas de vida das profundidades oceánicas. Sen ir máis lonxe, o test da COVID-19 desenvolveuse utilizando unha enzima illada dun microbio que se encontrou en respiradoiros hidrotermais de augas profundas, un hábitat moi escaso e agora baixo a ameaza da minería de augas profundas.

Numerosos organismos e entidades, como o Parlamento Europeo, a Comisión Europea, a Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN), o Consello Consultivo da Frota Comunitaria de Longa Distancia (LDAC), o Consello Consultivo para as Especies Peláxicas (PelAC), WWF, Greenpeace, Fauna & Flora International, Ecoloxistas en Acción e Deep Sea Coalition, entre outras, documentaron e alertaron sobre os impactos coñecidos ou probables da minería submarina. Ademais, empresas do sector da tecnoloxía e da automoción como Google, BMW, Volvo, Philips ou Samsung subscribiron unha chamada conxunta para unha moratoria sobre a minería de augas profundas comprometéndose a non obter ningún recurso mineiro do leito mariño.

Recentemente, o Parlamento Europeo fixo un chamamento na súa resolución de 9 de xuño de 2021 sobre a Estratexia da UE sobre a Biodiversidade para 2030 “Devolver a natureza ás nosas vidas” (2020/2273(INI)) pedindo (parágrafo 184) aos Estados membros “que promovan unha moratoria, tamén na Alta Autoridade para os Fondos Mariños, sobre a minería submarina ata que se teñan estudado e investigado suficientemente os efectos da minaría submarina no medio ambiente mariño, a biodiversidade e as actividades humanas no mar e se poida



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

xestionar a minaría submarina para garantir que non se perda biodiversidade mariña nin se degraden os ecosistemas mariños”.

Por todo o anterior, fórmulase a seguinte proposta de ACODO:

1.) Instar ao Goberno do Estado para que promova e defenda ante a Alta Autoridade dos Fondos Mariños (ISA) unha moratoria da minería submarina ata que se teñan estudado e investigado suficientemente os seus efectos no medio ambiente mariño, a biodiversidade e as actividades humanas no mar e se poida xestionar a minería submarina para garantir que non se perda biodiversidade mariña nin se degraden os ecosistemas mariños.

2.) Instar ao Goberno do Estado para que garanta a participación das organizacións ambientais e pesqueiras nas delegacións de España ante a Alta Autoridade dos Fondos Mariños e promova e defenda unha reforma dese organismo para unha maior transparencia e participación da sociedade civil e sectores afectados.

3.) Instar ao Goberno do Estado para que adopte unha prohibición da minaría submarina nas augas baixo a súa xurisdición nacional e exclúa explicitamente a posibilidade de realizar esta actividade nas Áreas Mariñas Protexidas e Áreas Mariñas de Importancia Ecolóxica ou Biolóxica, incluíndo o Banco de Galicia fronte ás costas galegas.

4.) Para dar cumprimento do anterior, dar traslado deste acordo ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Seguidamente, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes (4 PSOE, 1 BNG e 4 PP), acorda:

1º) Aprobar a proposta de moratoria sobre a minaría submarina presentada por Ecoloxistas en Acción Coruña.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos oportunos.

3º) Trasladar este acordo ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación; ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico; e ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

10º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA.

Para cumprir co establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía, que van do número 234 de 4/08/2021 ata a número 318 de 4/10/2021.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

Intervén o Sr. Daniel Juan Benlloch Rivas do grupo Popular, manifestando que nalgunhas resolucións de empedramento dá a impresión de que non se acorda empedrar ao solicitante, e a veces non se acorda notificar ao interesado a resolución. Sería convinte que nas futuras resolucións quedará claro que se procede a dar de alta no padrón de habitantes aos solicitantes e ademais que se notifique o devandito acordo aos solicitantes.

11º) ROGOS E PREGUNTAS.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- O voceiro do grupo popular José Manuel Traba Fernández, pregunta ¿Por qué non se pediu o obradoiro de emprego?.

O Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSOE) manifesta que foi por problemas de xestión de secretaría. Marta non pudo afrontar ese expediente, non daba feito, polo que se xuntaron os outros 3 concellos e concedéronllo. É unha pena, pois para unha vez que nos quedamos fora e conceden o obradoiro.

- O voceiro do grupo popular José Manuel Traba Fernández, manifesta que hai que colgar o PEPRICH na páxina web do concello.

O Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSOE) manifesta que imos facilitar o acceso.

- O concelleiro do grupo Popular, Santiago Insua Esmorís-Recamán, manifesta que desde un PC podes acceder ao PEPRICH, pero desde o móbil non podes acceder.

O Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSOE) manifesta que tomamos nota e imos tratar de solucionar este problema.

O concelleiro do grupo Popular, Santiago Insua Esmorís-Recamán, manifesta que é necesario solucionar este problema para que aquelas persoas que non son propietarios e non van recibir unha notificación sobre o PEPRICH, podan acceder ao Plan Especial para coñecer o seu contido e resolver ás dúbidas que teñan respecto de propiedades nas que poidan estar interesados.

- O concelleiro do grupo Popular Daniel Juan Benlloch Rivas, manifesta que non viu publicado en ningún boletín oficial o padrón da recollida de lixo do ano 2021. Pola contra, si aparecen publicados os padrón de auga, sumidoiros e vaos permanentes do referido ano. Publicouse oficialmente o Padrón de Lixo do ano 2021?

O Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez, manifesta que descoñece ese dato, xa que é un tramite administrativo que lle corresponde realizar aos empregados públicos. O padrón de Lixo foi aprobado a primeiros de ano, concretamente no mes de xaneiro, estando de secretaría Marta Cajide Barbeito, polo que a publicación, se se publicou, tivo que realizarse no mes de xaneiro.

E non tendo mais asuntos dos que tratar o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión sendo as 20:30 horas, do que, como secretario-accidental, dou fe.